

# **A CIG-Ensino consegue a revisión médica anual para o profesorado**

## **Abril 2012**

A CIG-Ensino presenta unha demanda contra a Consellaría de Educación no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza por non ofrecer recoñecemento médico a máis de 30.000 docentes. A Consellaría segue a negar este dereito ao profesorado malia a recomendación feita polo Valedor do Pobo en resposta a unha queixa presentada pola CIG-Ensino.

## **Xuño 2012**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza falla a favor da CIG-Ensino e obriga á Consellaría de Educación a ofrecer recoñecemento médico periódico ao profesorado. A Consellaría recorre a sentenza.

## **Maio 2013**

O Tribunal Supremo en sentenza firme volve fallar a favor da CIG-Ensino e obriga á Consellaría a ofertar revisións médicas anuais ao profesorado.

A Consellaría de Educación está obrigada a cumprir a sentenza.



Confederación Intersindical Galega  
**ENSINO**



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

Setembro 2013

## **O Tribunal Superior Xustiza de Galiza atende a petición da CIG-Ensino e ordena a execución forzosa da sentenza que obriga á Consellaría a ofrecer revisións médicas ao profesorado**

Este auto vén a corroborar a actitude insumisa da Consellaría de Educación ás resolucións xudiciais

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de darlle, unha vez máis a razón á CIG-Ensino, e ordénalle á Educación a execución forzosa da sentenza do Tribunal Supremo que obriga á Consellaría a ofrecer ao persoal funcionario e laboral e docente os recoñecementos médicos anuais que regula o artigo 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. O Tribunal dálle á Consellaría de Educación un mes de prazo para executar a sentenza.

O secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, deu a coñecer este novo auto nunha rolda de prensa na que denunciou a actitude “insumisa, fraudulenta e de desprezo co profesorado” do conselleiro de Educación. É a segunda vez nunha semana que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza lle ordena á Consellaría de Educación a execución forzosa dunha sentenza. O primeiro foi o auto que obrigaba

á administración educativa galega a cumprir a sentenza que declarou ilegal a realización dunha enquisa ás familias para fixar a lingua vehicular no ensino infantil.

Anxo Louzao insistiu na “arrogancia, prepotencia e impunidade” coa que actúa o conselleiro de Educación que en lugar de aplicar as sentenzas e garantir un dereito que asiste aos e ás traballadores desde hai 18 anos “mira para outro lado e fai ouvidos xordos. Louzao pediu a súa destitución por ser o “campión do fraude e da mentira” e por tratar de manipular a opinión pública malia os ditames da xustiza que lle deron a razón á CIG-Ensino. “Esta actitude persistente e reincidente –engadiu- debería implicar non so o seu cese inmediato senón tamén a súa inhabilitación para exercer cargos públicos”.

A CIG-Ensino esixiulle á Consellaría de Educación a cobertura deste dereito á saúde

en repetidas ocasións. Diante da negativa de Educación, no ano 2008, o sindicato presentou no Valedor do Pobo unha queixa. A negativa da Consellaría de Educación a garantir este dereito obrigou á CIG-Ensino a presentar no ano 2012 demanda de conflito colectivo na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que ditou sentenza favorable, unha sentenza que a administración recorreu, sen éxito, no Tribunal Supremo que, en abril de 2013, recoñeceu en sentenza firme este dereito ás e aos traballadores do ensino galego, imponéndolle costas á Xunta

A CIG-Ensino denunciou ademais que a Consellaría de Educación, malia ser coñecedora da sentenza do Tribunal Supremo, no mes de marzo, sacou a concurso unicamente este servizo para o persoal non docente, cando desde 2012 xa llo tiña que ter garantido a todos/as docentes.



Confederación Intersindical Galega

# INFORMA

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

Xaneiro 2014

## Unha longa batalla para conseguir o dereito aos recoñecementos médicos

A CIG-Ensino vén procurando e batallando por todos os medios para que a Consellaría garanta os recoñecementos médicos anuais para todos e todas as docentes

En maio de 2012, a CIG-Ensino interpón demanda de conflito colectivo perante a Sala Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) para exixir o recoñecemento médico anual. En xuño, o TSXG dita sentenza favorábel ao recurso da CIG-Ensino e obriga a Consellaría a “ofrecer ao seu persoal funcionario e laboral docente no presente ano 2012 e sucesivos a posibilidade de realizar os recoñecementos médicos”.

A Consellaría recorre esta sentenza perante o Tribunal Supremo. Este tribunal, o 10 de abril de 2013, desestima o recurso e dita sentenza firme coa imposición de costas á Consellaría, obrigándoa a ofrecer os recoñecementos médicos periódicos que regula o artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais. Malia a sentenza firme do Tribunal Superior, a Consellaría seguiu sen executala.

Por este motivo, o 5 de setembro de 2013, a CIG-Ensino solicitalle ao TSXG que lle exixa á Consellaría a execución da mesma, e, o 16 de setembro, o dito tribunal faille o requirimento, especificando que “no prazo dun mes, acredite ante a Sala o cumprimento íntegro da mesma”, coa advertencia de que “de non verificalo se tomarían as medidas necesarias para lograr a efectividade do mandado”. Ante isto, a Consellaría pídelles ao TSXG un adiamento de execución.

O 16 de decembro de 2013, a Sala do Social do TSXG cita a CIG-Ensino como denunciante e a Consellaría como denunciada para “decidir cantas cuestións se formulasen”, especialmente as seguintes:

- “Órganos administrativo e funcionarios que deben responsabilizarse de realizar as actuacións.

- Prazo máximo para o seu cumprimento atendendo ás circunstancias que concorran.
- Mediar na maneira de efectualas e o procedemento que se vai seguir.
- Medidas necesarias para lograr a efectividade do mandado.”

Nesta comparecencia perante o TSXG, a CIG-Ensino defendeu que, despois de diferentes sentenzas, aprazar a efectivización do recoñecemento médico do profesorado non tiña xustificación.

Pola súa parte, a Conselleira solicitou unha moratoria, comprometeuse a levar a cabo as revisións e anunciou que, en breve, ía asinar un acordo coa Consellaría de Sanidade para levar a cabo os recoñecementos médicos do profesorado no SERGAS.

Ante este compromiso, o Tribunal Superior de Xustiza fixa unha nova comparecencia para o día 10 de febreiro, co fin de que a Consellaría traia unha proposta definitiva pormenorizada, cun calendario dos recoñecementos que non debe ir máis alá do primeiro semestre do ano 2014.

En consecuencia, estamos ante unha Consellaría que vulnera permanentemente a lexislación vixente e amosa a desconsideración máis absoluta co profesorado, mais, neste caso, non vai ter máis opción que executar o exixido polo TSXG en resposta ao recurso da CIG-Ensino. Agar damos que a partir do primeiro trimestre deste ano, 2014, todo o profesorado interesado poida exercer o dereito aos recoñecementos médicos anuais.



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.com

Febreiro 2014

## RECOÑECEMENTOS MÉDICOS DO PROFESORADO

O 16 de decembro de 2013, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) citou a CIG-Ensino como denunciante e a Consellaría como denunciada, co obxecto de dar cumprimento ao recurso gañado pola CIG-Ensino, que recoñece o dereito ás revisións médicas do profesorado.

Nesa comparecencia, a Consellaría de Educación solicitou unha moratoria para a súa aplicación, porque estaba a punto de asinar un acordo coa Consellaría de Sanidade, a fin de realizar os recoñecementos médicos do profesorado no SERGAS, xa que suporía unha redución dos custos nun 40% (886-984 euros), en relación ao custe que significaría a externalización do servizo (2.217.461).

Ante este compromiso, o TSXG fixou unha nova comparecencia para o día 10 de febreiro de 2014. A Consellaría comprométese a presentar unha proposta definitiva pomenorizada, cun calendario de recoñecementos que non superaría o primeiro semestre.

### COMPARECENCIA DO DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2014 NO TSXG

Na comparecencia perante o TSXG, a Consellaría anunciou que non foi posíbel asinar o acordo co SERGAS e que optarán por contratar un servizo externo, mediante a tramitación pola

vía de urxencia.

A Consellaría, diante do TSXG, comprometeuse ao seguinte calendario:

#### Marzo-abril 2014

- Con carácter de urxencia, publicación no DOG do prego de condicións para a adxudicación do servizo.

#### Xuño 2014

- Adxudicación e contratación do servizo e apertura do prazo para que o profesorado interesado en realizar o recoñecemento o poida solicitar.

#### Setembro-outubro 2014

- Inicio dos recoñecementos. A partir do 2014, todos os anos o profesorado que o desexe poderá realizar as revisións médicas anuais.

#### Contido dos recoñecementos

A Consellaría anunciou que comprenderá uns parámetros semellantes aos recollidos na Orde do 25 de marzo de 2009 (DOG do 3 de abril de 2009) para o resto dos empregados e empregadas da Xunta de Galiza.

A CIG-Ensino intentou que o TSXG exixira a Consellaría a acelerar estes prazos, unha vez que as sentenzas presentadas pola CIG-Ensino a obrigaban a prestar estes servizos desde o ano 2012. Nos próximos días, o TSXG ditará un auto coas resolucións correspondentes.

Para a CIG-Ensino, é totalmente inxustifico, malgastador e

vergoñento que se privatice o servizo de prevención de riscos laborais, cando, segundo os seus propios cálculos, de se realizaren no SERGAS o custo sería un 40% máis barato, é dicir, 886.984 euros menos.

Chama poderosamente a atención que nun momento de crise se malgaste o diñeiro público, mentres se segue reducindo profesorado, non se cobren as baixas, non se atenden as necesidades dos centros, suprímese a gratuidade dos libros de texto e encárcense os servizos complementarios.

Estamos ante un feito que se podería cualificar de delituoso, xa que, debido supostamente á falta de entendemento entre dúas consellarías, os cidadáns e cidadás galegas temos que pagar preto dun millón de euros. É incomprensíbel que por desavinzas entre dúas consellarías se vaian desembolsar, segundo as súas contas, 2.217.461 euros a unha entidade privada, cando o custo no SERGAS se podería realizar por 1.330.471, optando así por fixar e continuar a privatizar todo o público e empeorar os servizos.

Ante a gravidade dos feitos, a CIG-Ensino presentará unha queixa no Valedor do Pobo e levará este tema ao Parlamento para que o presidente do Goberno galego explique as razóns que o levaron a malgastar preto dun millón de euros.



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

Febreiro 2014

## Un novo auto do TSXG obriga a Educación ofrecer os recoñecementos médicos en resposta aos recursos da CIG-Ensino

A Consellaría optará por privatizar o servizo, o que vai supor un 40% máis do custo que tería concertalo cos SERGAS

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de ditar un novo auto no que responde á solicitude coa que a CIG-Ensino pediu a execución de sentenza que obriga á Consellaría de Educación a ofrecer recoñecemento médico anual ao profesorado. O TSXG di que este servizo ten que ofertarse con carácter de urxencia e que, no caso de externalizarse, o concurso ten que saír publicado no DOG na primeira quincena do mes de abril e adxudicado na primeira de xuño. O Tribunal fixa tamén a primeira quincena de setembro como data límite para a fase de inscrición do profesorado que queira solicitar este servizo para que na primeira outubro poidan iniciarse os recoñecementos. O auto tamén recolle que estes recoñecementos teñen que incluír recoñecemento ordinario para o colectivo no seu conxunto, probas xinecolóxicas para as mulleres e a proba PSA aos varóns maiores de 50 anos. O Tribunal fai ademais responsable do cumprimento da sentenza ao



conselleiro de Educación.

Para dar cumprimento ao recurso gañado pola CIG-Ensino, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) citou as parte a unha comparecencia o 16 de decembro de 2013. Daquela a Consellaría solicitou unha moratoria argumentando que estaba a punto de asinar un acordo coa Consellaría de Sanidade, a fin de realizar os recoñecementos médicos do profesorado no SERGAS, xa que suporía unha redución dos custos nun 40% (886.984 euros), en relación ao custe que significaría a externalización do servizo (2.217.461). Ante este compromiso, o TSXG fixou unha nova comparecencia para o día 10

de febreiro de 2014, comparecencia na que a Consellaría anunciou que non foi posíbel asinar o acordo co SERGAS e que optarán por contratar un servizo externo, mediante a tramitación pola vía de urxencia.

Para a CIG-Ensino, é totalmente inxustificable, malgastador e vergoñento que se privatice o servizo de prevención de riscos laborais, cando, segundo os seus propios cálculos, de se realizaren no SERGAS o custo sería un 40% máis barato. É incomprensíbel que por supostas desavinzas entres dúas consellarías se vaia desembolsar esta cantidade a unha entidade privada, cando o custo no SERGAS sería moito menor. Ante a gravidade dos feitos, a CIG-Ensino presentará unha queixa no Valedor do Pobo e levará este tema ao Parlamento para que o presidente do Goberno galego explique as razóns que o levan a malgastar preto dun millón de euros.



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.gal

Abril 2015

## Recoñecementos médicos

***A CIG-Ensino, despois de conseguir o dereito aos recoñecementos médicos para todo o persoal docente, inicia agora unha campaña para que este servizo se realice no SERGAS e para que se melloren e amplíen as revisións médicas***

### **A loita polo dereito nos tribunais**

En maio de 2012, a CIG-Ensino interpuxo demanda perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) para exixir o recoñecemento médico anual. En xuño, o TSXG dita sentenza favorable ao recurso da CIG-Ensino e obriga a Consellaría a ofrecer ao seu persoal funcionario e laboral docente, no ano 2012 e sucesivos, a posibilidade de realizar os recoñecementos médicos.

O Tribunal Supremo volveu ditar sentenza favorable á CIG-Ensino, mais tivemos que solicitar execución de sentenza, xa que a Consellaría non estaba disposta a aplicala. Incluso pediu unha moratoria argumentando que estaba a punto de asinar un acordo coa Consellaría de Sanidade, a fin de realizar os recoñecementos médicos do profesorado no SERGAS, xa que suporía unha redución dos custos nun 40% (886.984 euros), en relación ao custe que significaría a externalización do servizo (2.217.461).

Con posterioridade e ante unha nova comparecencia perante o TSXG, a Consellaría anunciou que non asinara o acordo co SERGAS e que optaba pola privatización. Para a CIG-Ensino, isto é totalmente

inaceptábel, xa que, segundo datos da propia Consellaría, de se realizaren no SERGAS o custo sería un 40% menor.

### **Agora loitamos por mellorar este dereito**

Despois desta longa batalla xudicial da CIG-Ensino para conseguir que o profesorado galego teña dereito ao recoñecemento médico anual, denunciámos no Parlamento no Valedor do Pobo e no Xulgado do Penal a privatización deste servizo que lle supuxo ao erario público un sobrecusto de máis de 800.000 euros.

Así mesmo, levamos o tema ao Comité de Seguridade e Saúde laboral Intercentros e á Mesa Sectorial para que se melloren e amplíen os recoñecementos médicos e se realicen na sanidade pública.

### **Propostas da CIG-Ensino para mellorar e ampliar os recoñecementos**

- Todos os recoñecementos médicos deben ser realizados na sanidade pública, en coherencia coa defensa da sanidade pública. Así posibilitaría que se fixesen en cada localidade na que haxa un centro médico do SERGAS.

- Descentralizados para que poida acudir todo o profesorado,

independentemente da súa residencia ou centro de traballo, evitando facer desprazamentos longos.

- De seren necesarios os desprazamentos, estes serán sufragados pola administración educativa, xa que é a responsable de facilitar as revisións médicas aos seus traballadores.

- Recoñecementos máis completos, con especial atención á perspectiva de xénero e ás doenzas propias dos docentes, no camiño do seu recoñecemento como enfermidades profesionais.

- Mellorar a aplicación informática empregada neste primeiro ano.

- Evitar demoras na asignación das citas e na entrega dos resultados.

- Mudar o prazo para inscribirse, que debe ser en período lectivo igual que o recoñecemento médico.

- Ter especial coidado coa protección de datos, xa que non se respecta a privacidade, nalgúns casos.

- Galeguización de todo o proceso: impresos e informes en galego. Nin sequera se garantiu o dereito a recibir a información en galego.

Exixímoslle á Consellaría que todas estas propostas e observacións sexan emendadas e aplicadas para os recoñecementos deste ano.



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

Setembro 2015

## RECOÑECEMENTOS MÉDICOS - SETEMBRO 2015

### **A CIG-Ensino exige a apertura inmediata do prazo para solicitar os recoñecementos médicos e que estes sexan feitos na sanidade pública**

Desde o ano 2012, a CIG-Ensino iniciou unha batalla legal para exixir os recoñecementos médicos anuais. Ante os recursos de apelación interpostos pola Xunta, tivemos que recorrer perante o Tribunal Supremo e con posterioridade solicitar execución de sentenza. Finalmente, a Consellaría non tivo máis remedio que acatar a sentenza, mais, no canto de realizar os novos recoñecementos médicos no SERGAS e aforrar 886.984 euros, externalizou este servizo.

**O proceso de prestación deste dereito, o curso pasado, iniciouse con carencias e deficiencias** e así o expuxo a CIG-Ensino na Mesa Sectorial do 7 de abril de 2015, a fin de que os recoñecementos médicos se mellorasen, se ampliasen e se realizasen na sanidade pública.

Pasou máis dun ano desde o último recoñecemento médico, sen que Consellaría publicase o prazo para solicitalo, o que é unha mostra máis de desprezo e de desconsideración co profesorado. **Por este motivo, a CIG-Ensino dirixiuse ao conselleiro de Educación, o 4 de setembro de 2015, para exixirle a inmediata convocatoria e apertura de prazo**

**de solicitudes e para demandarlle a emenda das deficiencias do ano anterior, xa expostas na Mesa Sectorial.**

A pesar de non ter resposta do escrito presentado, **temos coñecemento de que a Consellaría está aínda cos trámites para licitar de novo un concurso e que outorgará, unha vez máis, a unha empresa privada o recoñecemento da saúde das súas traballadoras e traballadores. Ademais, segundo as súas propias previsións, como moi pronto, podería solicitarse o recoñecemento a mediados do mes de novembro.**

Para a CIG-Ensino, é inaceptábel que se continúe privatizando o servizo e que non se convoque Mesa Sectorial para negociar as condicións dos recoñecementos e corrixir as eivas que denunciámos no seu momento. Por tanto, seguimos a exixir os seguinte:

- Realizar todos os recoñecementos médicos na sanidade pública, como mellor defensa do que deberían ser os servizos públicos, universais, solventes e gratuítos.
- Descentralizalos para que poi-

da acudir todo o profesorado, independentemente da súa residencia ou centro de traballo, evitando facer desprazamentos longos.

- De seren necesarios os desprazamentos, deben ser sufragados pola administración educativa, xa que é a responsábel de facilitar as revisións médicas aos seus traballadores e traballadoras.

- Os recoñecementos deben ser máis completos, e prestar especial atención á perspectiva de xénero e ás doenzas propias dos docentes, no camiño do seu recoñecemento como enfermidades profesionais.

- Mellorar a aplicación informática empregada o ano anterior. .

- Evitar demoras na asignación das citas e na entrega dos resultados.

- Ter especial coidado coa protección de datos, xa que nalgúns casos non se respectou a privacidade.

- Galeguización de todo o proceso: impresos e informes en galego. Nin sequera se garantiu o dereito a recibir a información en galego.



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

Febreiro 2016

## Recoñecementos médicos específicos e avaliación de riscos

A CIG-Ensino continúa a loita para mellorar os recoñecementos médicos,

- Para que este servizo se realice no SERGAS.
- Para que se melloren e amplíen as revisións médicas con recoñecementos específicos para diferentes colectivos e sectores.

A CIG-Ensino realizou unha longa batalla xudicial para que se lle recoñecese a todo o profesorado o dereito ao recoñecemento médico anual. Unha vez conseguido, cómpre mellorar e ampliar este servizo.

Temos constatado que non se atenderon as reclamacións para facer un estudo e posibles actuacións nos talleres dos centros de formación profesional e non se están facendo recoñecementos específicos en sectores que entendemos que si requiren algún tipo de proba médica especial, malia termos levado esta problemática aos comités de saúde laboral, dirixímonos á Consellaría e levar a cabo esta campaña.

Entre outros poderíase considerar o profesorado que realiza o seu traballo impartindo aulas en laboratorios e tamén en talleres dos ciclos de diferentes familias profesionais como, por exemplo, Química (estado deplorábel de certos laboratorios e da xestión dos residuos que son xerados), Agraria, Artes gráficas, Fabricación Mecánica (mal estado de moitas das máquinas que nin sequera teñen o certificado CE, nin rea-

lizada a súa adaptación, especialmente no ciclo de Soldadura e Caldeiraría polo tema dos gases e emprego de produtos tóxicos), Industrias Alimentarias, Instalación e Mantemento, Madeira, Moble e Cortiza (extremo perigo do po de certas madeiras, ademais de produtos como vernices), Sanidade (sobre todo o ciclo de Hixiene Bucodental e Próteses Dentais polo emprego de diversos materiais e pola carencia de medidas preventivas como cabinas estancas e aspiracións focalizadas), Transporte e Mantemento de Vehículos (emprego de pinturas, aceites, líquidos diversos, falta de medidas de protección na inmensa maioría dos casos, etc.)

Entre os supostos especialmente críticos habería que considerar os dos traballadores e traballadoras dos centros de "educación especial" e dos centros de menores, os dos traballadores e traballadoras que atenden nenas e nenos con necesidades educativas especiais, o profesorado que realiza o seu traballo na educación infantil e nos cárceres. Así mesmo esta situación pode supor un grave risco para as traballadoras



embarazas.

Non hai ningún condicionamento que xustifique a existencia de postos de traballo dependentes da Consellaría que non sexan sometidos á avaliación de riscos en relación ás funcións desenvolvidas nestes. Evidentemente, esta obriga sería extensiva á avaliación de riscos dos centros de traballo e ao recoñecemento médico coas probas específicas que requira cada sector polas propias peculiaridades do posto de traballo.

A CIG-Ensino vén, de novo, de dirixirse á Consellaría e levará a cabo diferentes accións para conseguir:

- Que se poña fin á situación de incumprimento das normas específicas en materia de protección da seguridade e saúde das súas traballadoras e traballadores.
- Que se melloren e amplíen os recoñecementos médicos, facendo un estudo e aplicando as actuacións necesarias nos talleres dos centros de formación profesional e centros que imparten FP e realizando os recoñecementos específicos en sectores que entendemos que si requiren algún tipo de proba médica especial, entre os que cómpre considerar o profesorado que realiza o seu traballo nos anteditos familias profesionais.
- A realización dunha avaliación de riscos de

postos de traballo dependentes da Consellaría, facéndoa extensíbel á avaliación de riscos dos centros de traballo e ao recoñecemento médico coas probas específicas que requira cada sector polas propias peculiaridades do posto de traballo.

- Que todos os recoñecementos médicos sexan realizados na sanidade pública, en coherencia coa defensa dos servizos públicos, o que posibilitaría que se fixesen en cada localidade na que haxa un centro médico do SERGAS.
- A súa descentralización para que poida acudir todo o profesorado, independentemente da súa residencia ou centro de traballo, evitando facer desprazamentos longos.
- Que, de seren necesarios os desprazamentos, estes sexan sufragados pola administración educativa, xa que é a responsábel de facilitar as revisións médicas ao seu persoal traballador.
- Recoñecementos máis completos, con especial atención á perspectiva de xénero e ás doenzas propias dos docentes, no camiño do seu recoñecemento como enfermidades profesionais.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tif. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tif. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tif. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tif. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tif. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tif. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tif. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tif. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tif. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tif. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tif. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tif. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal